

LINGUA E ADMINISTRACION

Nº 1

Edita: Asociación de funcionarios para a normalización lingüística en Galicia. Dep. Leg. C-223/84

Febreiro - Marzo / 84

Esta revista que sae á luz co nome de Lingua e Administración é, en primeiro lugar, o reflexo do labor que, cara á normalización do galego no eido administrativo, pretende levar a cabo un colectivo de persoas vencelladas á recién creada "Asociación de funcionarios para a normalización lingüística en Galicia".

Neste senso será, por así dicilo, o órgano difusor das súas actividades no amplo terreo da linguaxe administrativa.

O feito de orientarmos este pretendido esforzo normalizador cara ó ámbito da Administración vénnos dictado por varias razóns. Entre elas, e como fundamental, está o abandono total e absoluto no que está mergullado o noso idioma neste ámbito de uso administrativo. Se noutros eidos aínda se poden atopar certos ecos, aquí coidamos que o silencio e a inacción son realmente graves, sobre todo se temos en conta a importancia e potencialidade normalizadora que poderían ter as relacións administrado-administración (incluíndo o seu funcionamento interno) e viceversa.

Porque pensamos que unha longa serie de disposicións, como a garantía polos poderes públicos do uso normal do galego, a súa oficialización institucional, o dereito dos cidadáns a o usar nas súas relacións administrativas, a promoción do seu uso pola Administración a tódolos niveis, o labor de galeguización do persoal administrativo e o de concienciación do problema en xeral, a súa promoción nas actividades cotiás, etc., etc., disposicións teórico-legais que tenden á recuperación da nosa personalidade colectiva e aseguran a normalización do galego como lingua propia do noso pobo, non se potencian o suficiente, dada a anómala situación en que vivimos, e normalmente son "papel mollado", por iso mesmo pretendemos bater na conciencia dos poderes públicos, e noutra ampla serie de estamentos (institucións privadas, funcionariado...), para aunar esforzos e contribuírmos dalgún xeito á plena normalización lingüística.

Os traballos por facer no campo da administración son múltiples e variados. Ela mesma está obrigada a fomentalos e encamiñalos. Potenciar plena e decisivamente a normalización no seu seo e nas súas relacións cos cidadáns, estimular positivamente ó funcionariado —de sempre levado pola inercia castelanizadora—, para sumalo ó proceso normalizador, impulsa-la investigación e elaboración dunha linguaxe administrativa moderna, son, entre outros, algúns dos aspectos que hai que abordar decididamente.

Este boletín, que nace dunha iniciativa extraoficial, cando non debería ser así, nunhas certas coordenadas de provisoriedade e improvisación, aparecerá, en principio, cunha periodicidade bimensual, e esperamos que goce do apoio e recibimento que fagan posible o seu espallamento e consolidación.

SUMARIO

O MARCO LEGAL:

- * A oficialidade do galego: historia e actualidade (I), por X. Enrique Monteagudo (Páx. 2)
- * Evolución da normativa e marco xurídico actual (I), por Xesús Costas (Páx. 3)

A LINGUAXE ADMINISTRATIVA

- * Xeneralidade, por Carlos D. Abreira (Páx. 3)

MODELOS DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

- * A instancia, por Carlos D. Abreira e Xesús Costas (Páx. 4)

AS DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS

- * O Concello, por Carlos D. Abreira e Xermán García C. (Páx. 5)

TERMINOLOXIA

- * ¿Concello, axuntamento, municipio,...?, por Antón Santamarina. (Páx. 6)

CUESTIONS DE GRAMATICA

- * Formas para o relativo, por Xermán García Cancela, (Páx. 7)
- * A conxunción "que" nas oracións subordinadas, por Carlos D. Abreira (Páx. 7)

NOVAS

- * Consideracións sobre unha sentenza: o coñecemento do noso idioma para o acceso á administración (Páx. 8)

CORREO DO LECTOR

CONSELLO DE REDACCION:

Xesús Costas Abreu
Carlos D. Abreira
Eduardo H. Fernández Díaz
Xermán García Cancela
Antón García Garazo
Xosé González Martínez
Francisco X. Pintor Vázquez
Inés Ruibal Cendón
Xosé Torres Romar

A OFICIALIDADE DO GALEGO: HISTORIA E ACTUALIDADE (I)

Imos neste artigo dar un breve repaso á historia do galego desde o punto de vista da súa oficialidade, ou sexa, analisando o seu uso nos niveis oficiais e administrativos, comenzando por observar-la situación na que se atopaba na Galicia medieval, ata chegar á actualidade.

— Cooficialidade do galego na Idade Media.

Cada vez son menos os galegos que descoñecen a importancia que tivo o galego como lingua literaria, sobre todo lírica, durante o século XIII e primeiros do XIV: a lingua galega adquiriu un prestixio tan sólido que se converteu en lingua da poesía lírica das cortes cristiás de Castela e Portugal, de xeito que escribiron en galego o mesmo rei de Castela, Afonso X, e trobadores aragoneses, cataláns...

Sen embargo, a situación do galego como lingua oficial do Reino de Galicia é menos coñecida e está menos estudada. O primeiro documento en galego ó norte do río Miño que nos chegou está datado en 1227, o derradeiro documento antigo é de 1532. A razón da aparición de documentación oficial en galego é que o latín, empregado desde vello polos notarios, xa non era entendido pola xente, de maneira que non quedaba máis remedio que escribi-los documentos en galego. Máis

Enrique Monteagudo

tarde verémo-las causas da desaparición do galego da vida oficial.

A documentación medieval que posuímos revélanos dous feitos importantes:

—O emprego case exclusivo do galego nos documentos notariais, contratos, vendas, etc., na vida interna dos municipios (bandos, pleitos, actas), a mais dos organismos gremiais (Gremio de Cambeadores, de Concheiros...) ata a instalación na Coroa castelá de Enrique II, iniciador da dinastía Trastámara (mediados do s. XIV), que derrotara a D. Pedro, aspirante ó trono apoiado por Galicia.

—A progresiva implantación rexia do uso do castelán, iniciada por Fernando III, alentada por Afonso X (paradoxicamente, un dos máis importantes poetas na nosa lingua), é consumada no s. XIV polos Trastámaras: Cortes de Alcalá, 1348, a partir das cales o Reino de Galicia pasa a ser representado nas Cortes pola Provincia de Zamora; Cortes de Toro, 1369.

O pacto, en 1297, do Duque de Lancaster, aspirante ó trono galego apoiado pola nobreza nacional, co Rei de Castela, mata definitivamente as pretensións independentistas de Galicia. A partir deste pacto, o castelán pasa de ser unha lingua "de relación" co exterior a ser unha lingua "de instalación" da nobreza foránea, colocada polo Rei en Galicia, e imponse nos documentos legais.

A derrota dos levantamentos "irmandiños" (sublevacións populares, diri-

xidas pola burguesía) e a subida ó trono de Isabel de Castela, de novo contra o candidato apoiado polos galegos (Juana la Beltraneja), provocan unha escalada asimilista por parte dos Reis Católicos: a nobreza galega é desprazada á guerra de Granada ou á corte de Castela, a que queda en Galicia é sometida con man dura —caso Mariscal Pardo de Cela—, acomódanse autoridades castelás, coma o Justicia Mayor, o Adelantado Mayor...

É o final do uso oficial da lingua galega: de 1480 é a disposición das Cortes de Toledo pola que se ordena que en diante non se outorgue o título de escribán sen exame e licencia do Real Consejo. Existen testemuños de resistencia no s. XVI, o máis significativo é un documento do Cabido Compostelano, no que este se queixa porque "... hemos visto que se dieron los mejores beneficios dellos no sólo a los de Reinos extraños pero a los que penitibus ignoraban la lengua gallega".

En resume, no s. XIII o galego encóntrase en situación de cooficialidade: emprégase habitualmente nos documentos de uso interno do Reino de Galicia, mentres se impón o castelán para as relacións exteriores. Esta situación mantense a grandes rasgos no s. XIV, pero coa instalación da dinastía Trastámara, a finais deste século, instálase en Galicia a nobreza castelá por imposición do Rei, acompañada do seu propio séquito e impondo o seu castelán. No s. XV, esmagados os levantamentos populares e derrotada de novo a

nobreza galega nos conflitos dinásticos, é despoxada Galicia das parcelas de poder autónomo, e trasladada a súa administración á Corte de Castela, mentres chegan autoridades foráneas. Por reflexo imitador coa nobreza castelá, na Corte de Castela ou en Galicia, ou por desexo de ascensión social e política, os nobres galegos renuncian ó seu idioma e adoptan o castelán, constituíndo un foco diglótico autóctono.

Atendendo á lingua desde un punto de vista estritamente lingüístico, pódese afirmar que non existiu modelo fixo de lingua culta, oral nin escrita, en toda a Idade Media, aínda que os documentos nos revelan unha relativa homoxeneidade, tinxida por moi poucos localismos. As transformacións que separan definitivamente o galego do portugués, timidamente anunciadas no s. XIII, maniféstanse nos finais da Idade Media, sometido xa o galego á influencia do castelán. Así e todo, estas transformacións non se poden de ningún xeito imputar ó influxo do castelán, senón que, polo menos as máis significativas, a resolución da nasalidade vocálica, desonorización dalgunhas consoantes, evolución do vocalismo, son evolucións espontáneas do galego.

Aínda que é innegable a existencia de literatura legal en galego durante a Idade Media, o único que nos resta dela son escasos fragmentos, por exemplo, da versión galega do *Fuero Real* alfonsino, ou das *Flores del Derecho* do mestre Xacobe das Leis, ou das *Partidas*. Nin os textos de carácter notarial nin os de carácter lexislativo son útiles para o establecemento dun rexistro de lingua administrativa-legal para a lingua galega de hoxe.

Esta revista editase
coa colaboración
económica dos Concellos
de Redondela e
Santiago de Compostela

Comp.: M.^a do Mar Vázquez
Deseño: Víctor Ferreira
Imprime: Velograf, S.A.

A evolución do tratamento dado polos poderes públicos ó galego (e ás restantes linguas nacionais diferentes do castelán) é un elemento importante que hai que ter en conta para vermos en que punto nos atopamos, ata que punto a persecución das linguas nacionais respondía a un propósito definido e que plantexamentos e mecanismos se teñen utilizado para reduci-los ámbitos de uso do noso idioma. Poderíamos representa-la evolución por unha ringleira de citas, unha pescuda histórica... (e seguramente habería que facelo para completar este proxecto e confeccionar un dossier máis amplo), pero tamén pode ser válido o recurso á análise de textos xurídicos que tratan de diversos aspectos do uso das linguas.

1) Cinguíndonos ó período posterior ó 36 temos unha primeira e longa etapa de represión brutal e aberta na que se busca reducir a "dialectos" e eliminar toda presenza pública das linguas nacionais, amosándose ademais nos limiáres unha clara intención de non permitir tampouco o seu uso na vida privada. Búscase tamén a equiparación de trato das linguas nacionais coas linguas extranxeiras (se ben a permisividade e o fomento destas últimas foron moi superiores máis aló da demagogia da primeira etapa autárquica-falanxista dura da postguerra), equiparación que a moitos efectos seguiu funcionando ata agora (por exemplo, para a autorización das películas con son en todo idioma diferente do castelán era preciso facer unha copia traducida, co custo que supón...).

2) Coa "apertura", ensáíase a fondo a vía folclórica, que tras dunha permisividade puramente verbal tentou reduci-lo uso do noso idioma ó guetto cultural no máis pobre sentido da palabra. Propiamente o que se vende baixo unha roupaxe por demais ampulosa é a mera tolerancia e, aínda así, sempre que se respetasen os sacrosantos

ámbitos reservados, dereitos e deberes do castelán, única lingua que merece a aplicación do principio de non discriminación para os seus usuarios.

3) Os "primeiros avances democráticos" neste eido foron en boa medida unha colección de atrancos para "encauzar" (léase limitar) a eclosión do uso das linguas propias na vida pública. Así, fálase de cotío de medidas experimentais coma se se tratase de ensinar novas linguas crípticas, e sempre co carácter voluntario e potestativo do uso e necesario acompañamento da tradución e/ou do respecto á hexemonía do castelán. En realidade, a tímida introducción da posibilidade do uso das linguas nacionais nos ámbitos públicos (Administracións Locais e ensino só) configúrase como un factor de anormalidade no seo dun marco legal e institucional "normal" hostil, e non se institucionaliza realmente.

4) Só coa configuración dun poder político galego e co recoñecemento da oficialidade do noso idioma se abren realmente portas para a institucionalización do uso do galego nos ámbitos públicos. Però, como era de esperar, pola inercia da traxectoria anterior (coa que non se produciu unha auténtica ruptura) e o peso dos factores que a abonaban, o recoñecemento formal non abonda e seguen a existir serias restriccións (mentais e) legais que é preciso coñecer e examinar para poder utiliza-las posibilidades existentes en toda a súa potencialidade, desbotando interpretacións restrictivas e criticando o que haxa que criticar (en todo caso, non vén mal advertir dende agora que considerando o que se fai en Euskadi e o que xa se fixo en Cataluña, que parten de situacións obxectivas en moitos aspectos peores cá nosas, o que queda por facer para aplicar plenamente a legalidade vixente é moito, e que hai quen di, non sen certa razón, que o teito legal actual está por riba da demanda social efectiva e real do noso País).

Xesús Costas Abreu

linguaxe administrativa

XENERALIDADES

Nestes momentos de incorporación da nosa lingua ó ámbito das institucións dependentes do poder público, atopámonos, entre outras necesidades, coa da elaboración e difusión dunha linguaxe administrativa galega, en canto que variedade funcional especializada nun ámbito de uso concreto: a Administración en xeral. Para a correcta fixación desta linguaxe técnica ou sectorial, cómpre que teñamos en conta, de maneira moi esquemática, unha serie de principios ou características que deben guía-lo noso traballo.

En primeiro lugar, esta linguaxe administrativa debe ser accesible para o conxunto dos usuarios, pois aí só radica, en último de contas, a súa funcionalidade. Hai que evitar, pois, un excesivo afastamento da lingua estándar, da lingua "común", afán que está en consonancia coa tendencia de aproximación entre administración e administrado.

Este senso de utilidade esencial é o que motiva a necesi-

sidade da súa simplificación e maior claridade posible. O estilo debe tender á precisión, á sinxeleza, á síntese, deixando de lado o tradicional recargamento fraseolóxico e as innecesarias repeticións. Isto non está en oposición, nin moito menos, coa corrección que debe presidilo nin co seu normal tono, obxectivo e impersoal. Así, hai que buscar igualmente a atención (pero non afectación), o respecto (pero non humillación) e a elegancia (pero non barroquismo). Basta lembrar aquilo de "Gracia que espera obtener del digno proceder de V.I., cuya vida guarde Dios muchos años", trala "súplica" correspondente.

Outras cuestións, como os diferentes niveis que podemos atopar dentro deste rexistro administrativo (non é igual, evidentemente, unha instancia, un certificado, unha convocatoria, etc.) e as súas fontes de incorporación e adaptación, analizaranse noutro lugar ou en posterior ocasión. Sírvannos estas liñas para traxer a mínima introducción precisa que debe orienta-lo noso esforzo da constitución da linguaxe administrativa moderna.

Carlos D. Abreira

A INSTANCIA (I)

Un aspecto importante dentro da linguaxe administrativa é todo o que se refire á confección e establecemento de modelos documentais uniformizados. Os seus diversos tipos, instancias, certificados, convocatorias, saúdas, actas, etc., son algo constante na vida institucional. É de desexar, xa que logo, a existencia, cun criterios flexibles, de modelos normalizados no posible, que respondan á funcionalidade dos diversos actos e ás distintas necesidades. Nesta sección iremos fornecendo progresivamente unha boa presa deles, procurando ir do xeral ó particular, do modelo base ó modelo xa máis específico, aplicable ós diferentes entes e situacións administrativos.

A INSTANCIA

Dentro do proceso administrativo, a instancia (solicitud ou petición escrita de carácter oficial) é a miúdo o seu primeiro estadio. Trataremos de chegar ó establecemento dun modelo básico, de carácter xeral, válido para a maioría de institucións e organismos.

Á parte da necesidade de inclusión dos componentes básicos da instancia, temos que ter sempre presentes os criterios de simplicidade e utilidade esencial, que reflexaremos mesmo des-

de o punto de vista visual nunha estrutura clara e ordenada.

En consecuencia, neste modelo documental faranse constar os seguintes datos:

- 1) Identificación da persoa solicitante, expresando:
 - 1.1) Nome e apelidos.
 - 1.2) Lugar e data de nacemento.
 - 1.3) Número do Documento Nacional de Identidade.
 - 1.4) Enderezo, que conterá os datos mínimos que permitan establecer unha comunicación escrita ou telefónica coa persoa solicitante.
 - 1.5) Profesión.
 - 1.6) Frase feita de introducción ó "expón" (p. ex.: "respetuosamente" ou algo similar), cun carácter meramente optativo e estilístico.
- 2) Núcleo da instancia ou solicitud:
 - 2.1) Exposicións de razóns ou motivos, que serán expresados coa maior claridade posible e que adoitan introducirse pola conxunción "que".
 - 2.2) Solicitud propiamente dita, que explicará o contido e mailo destino, se procede, do que se demanda a través da instancia.

3) Pe, que consta destes elementos:

- 3.1) Fórmula fixa de agradecemento (p. ex.: "cousa/o que espera obter da súa benevolencia/amabilidade"), que figurará soamente cando o que se demanda non é de obrigada concesión por parte da persoa ou institución á que se dirixe a instancia. É especialmente recomendable prescindir de repeticións e mencións innecesarias así como do tono e das tradicionais referencias servís ós desexos de longa vida daquela nesta frase feita (nada, pois, de "Gracia que espera obtener del digno proceder de V.I., cuya vida guarde Dios muchos años").

3.2) Datación, composta de:

- 3.2.1) Lugar e data de redacción da instancia.
- 3.2.2) Sinatura da persoa interesada.

4) Institución, centro ou dependencia administrativa e/ou tratamento e cargo da persoa a quen se dirixe a instancia (normalmente, é o Presidente, Director ou Xefe do ente do que se trate), que tamén pode figurar no seu encabezamento, ben total ou parcialmente (a xeito de tratamento introductorio: p. ex., "Sr. Alcalde-Presidente:"), sendo neste segundo caso obrigatoria a súa repetición, con tódalas informacións, no pe do documento.

X.C.A. e C.D.A.

Modelo de instancia

A persoa que subscribe, , nacida en , provincia de , o día de de 19....., co D.N.I. nº e domicilio en rúa/lugar de nº , piso , D.P. , tlfno. , localidade de , Concello de , provincia de , de profesión (respetuosamente)

EXPÓN: Que

Por isto, DEMANDA:

O que espera obter da súa benevolencia*.

..... de de 19.....

(Sinatura)

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE

(* Tamén: O que espera obter conforme a dereito.


O CONCELLO

A Lei de Normalización Lingüística garantiza, entre outros aspectos, o dereito dos cidadáns a usa-lo galego, lingua oficial das nosas institucións, nas súas relacións administrativas. Igualmente, establece para os poderes públicos a súa obriga de potenciar e promociona-lo seu uso e fomenta-la súa normalización en tódolos ámbitos da vida pública.

Neste contexto, unha das moitas vertentes do labor de galeguización da Administración é aquela que se refire á rotulación das dependencias administrativas. Malamente se pode fomenta-la utilización do noso idioma se o cidadán non atopa por parte das institucións públicas unha reciprocidade e un estímulo. Á parte doutras tarefas, quizais máis efectivas e consistentes, a rotulación das dependencias institucionais debe concordar, pois, con ese espírito normalizador que debe —ou debería— presidi-la vida pública en xeral.

Nesta Sección, polo tanto, abordamos este aspecto. Esperamos, por unha parte, que este traballo teña cando menos utilidade para as respectivas institucións tratadas —e, por analogía, para todas en xeral— e, por outra, desexamos que sirva de estímulo para unha efectiva posta en práctica que, hoxe, como denominador común, é totalmente esquecida ou, no mellor dos casos, pura aparencia externa.

Hoxe correspóndelle á Casa do Concello, ó Concello. En posteriores números irán aparecendo outros organismos, máis ou menos detallados na súa estrutura, cun carácter non exhaustivo, procurando reflexa-las súas dependencias máis correntes, comúns e coñecidas.



¿CONCELLO, AXUNTAMENTO, MUNICIPIO, ...?

Desde a época da renacementa, cando o galego volveu empezar a ser usado como lingua escrita, notamos entre os escritores, e na actualidade tamén nos falantes, vacilación no uso destas palabras.

Nas seguintes liñas, imos facer unha breve historia da institución e das palabras con que se designou. Finalmente proporemos unha escolla en consecuencia.

Na Idade Media as cidades e vilas, cos seus alfoques ou arrabaldos, e as comunidades rurais dos arredores reuníanse en asamblea para resolver determinadas cuestións de índole xudicial ou económica (por exemplo, actuacións en determinado tipo de delitos ou delitos, regulamentos sobre o aproveitamento dos pastos, dos soutos e das minas, fixación de medidas, pesos, precios, etc.).

Esta asamblea podía ser universal, democraticamente directa, en réxime de concello aberto; pero tamén podía ser representativa, reducida a un número variable de "homes bos". A complexidade ou dimensión dalgúns concellos chegaron, xa na época medieval, a facer necesaria a existencia de oficiais con determinadas funcións (á parte do alcalde, que era o xuíz), por exemplo o **zabazoque** ('supervisor de mercados'), os **xurados** ('delegados do alcalde'), etc.

Pero tamén na Idade Media había outros poderes administrativos paralelos e máis poderosos (os derivados do rei, dos señores, dos bispos, dos abades, ...). E estes poderes comenaron xa no século XV a intervir nos concellos e a usalos en beneficio propio anulándolles así o carácter democrático orixinario. O antigo concello foi substituído por unha corporación aristocrática formada polos cabaleiros e os burgueses máis ricos. A esta nova corporación, nomina da, non elixida, chamóuselle en terras administradas pola coroa de Castela **consejo**, **regimiento** ou **ayuntamiento**.

A composición e a función dos "ayuntamientos" variou aínda máis ó longo dos tempos. Pero a palabra permaneceu e suplantou en Castela e León á antiga verba "consejo". Cando a administración española se foi unificando e o castelán se impuxo como lingua oficial única, o termo "ayuntamiento" extendese tamén fóra de Castela, en prexuício da voz patrimonial **concello**.

É verdade que o sentido do termo **concello** tomado tanto no sentido xeográfico coma no corporativo é moi distinto do que era nas orixes. Pero por moito cambio que se dese hai que admitir que entre o **concello** da Idade Media e o "ayuntamiento" actual non hai solución de continuidade. Dá testemuño disto, non só a historia da institución senón a mesma palabra **concello**, que continúa vivindo, aínda que languidamente, en dramática competencia co nome castelán "ayuntamiento".

A causa desta substitución non dá moito que profundar: o desuso de **concello** e a súa substitución por "ayuntamiento" (ou por deformacións vulgares desta palabra: **untamiento**, **entamento**, **ontamento**, etc., e mesmo adaptacións disfrazadas do tipo axun-

tamento) está motivado porque o castelán leva sendo durante máis de catro séculos a lingua oficial da institución.

Hoxe que o galego é lingua oficial de Galicia e pode volver a ser lingua oficial dos concellos, debemos rehabilitar completamente a palabra **concello** nas varias acepcións que tiña:

1. Conxunto de representantes municipais: "**constituíuse o novo concello**"; "**asistiu o concello en pleno**", etc.
2. Reunión de representantes municipais: "**o Sr. Alcalde convocao a concello para o próximo luns ás 16 horas**".
3. Término ou xurisdicción municipal: "**o concello da Estrada é o maior de Galicia**".

Na primeira acepción **concello** é sinónimo de **cámara** ou **corporación municipal**; na terceira é sinónimo de **municipio** ou **término (municipal)**.

A palabra castelá "ayuntamiento", por metonimia, pasou tamén a significar 'edificio onde se alberga o concello' (igual ca "xefatura", "capitanía", "comandancia", "reitorado", etc.). A palabra galega **concello** non chegou a adquirir este valor. Por iso para 'edificio do concello', debémos usar **casa do concello** ou **cámara municipal**.

Antón Santamarina

A CONXUNCION "QUE" NAS ORACIONES SUBORDINADAS

É lugar común atopar, especialmente nos textos de carácter administrativo, construcións do tipo "ordeno proceda a xestiona-la transferencia", "rógolle dea lectura das escusas de asistencia", "solicitamos sexa concedido o crédito", etc., nas que se omite a conxunción "que" ó introduci-la oración subordinada.

Trátase dunha omisión inxustificada, incorrecta, que polo tanto cómpre evitar. Seguramente a influencia do castelán, que ofrece moita flexibilidade neste punto, e maila estrutura ás veces telegráfica e mesmo artificiosa que presentan estes mesmos textos, son algunhas das causas que contribúen a entender esta incorrección.

Rexeitaremos, pois, frases coma as devanditas e diremos "ordeno *que* proceda a xestiona-la transferencia", "rógolle *que* dea lectura das escusas de asistencia", "solicitamos *que* sexa concedido o crédito", etc.

FORMAS PARA O RELATIVO

A distribución das formas do relativo (que, quen, o cal, os que, aqueles que) é a seguinte:

Pode ocorrer que o relativo teña o antecedente expreso; neste caso, a forma xenérica é sempre **que**, ben referíndose a persoas como a obxectos ou cousas inanimadas. Así:

—Pasarse o expediente á Consellería, **que** o tramitará segundo corresponda.

—Pasarse o expediente ó Conselleiro, **que** o tramitará segundo corresponda.

No segundo caso é perfectamente válido: ... ó Conselleiro, **quen** o tramitará segundo corresponda.

Non así no primeiro caso, por tratarse dun antecedente non persoal.

En calquera dos dous casos é tamén posible empregar 'a cal' ou 'o cal', respectivamente (... á Consellería, **a cal** o tramitará...; ó Conselleiro, **o cal** o tramitará...), pero non é a fórmula máis recomendable.

Se o antecedente non está expreso pero a referencia está implícita podemos empregar diversas formas, segundo a referencia esperada sexa singular ou plural, masculino ou feminino. Así:

—**Quen** presente a solicitude fóra de prazo, será excluído das probas.

—**Os que** presenten as solicitudes fóra de prazo, serán excluídos...

—**Aqueles que** presenten as solicitudes fóra de prazo, serán excluídos...

En calquera caso, hai que suliñar un dato importante: **quen**, en galego é sempre singular, e polo tanto **esixe tamén o verbo sempre en singular**, aínda que como podemos observar no primeiro exemplo, vale tanto para referirse a un como a varios posibles suxeitos (opositores, neste exemplo).

Un terceiro caso importante, constitúe en galego a tradución do **cuyo** castelán. Diante da inexistencia desta forma en galego, teremos que buscar sempre o modo máis axeitado de traducirlas expresión castelás con esta forma. Damos al-

gúns exemplos que poidan servir de guía:

—Orden por la que se concede autorización al Centro privado cuyos datos se relacionan en el anexo--- Ordè pola que se concede autorización ó Centro privado **do que** se relacionan os datos no anexo; ou Orde (...) ó Centro privado, **os datos do cal** se relacionan no anexo.

—Se tramitará a través de la Comunidad Autónoma, cuyo informe, caso de ser negativo será vinculante--- Tramitarase a través da Comunidade Autónoma. Se o informe desta é negativo, será vinculante; ou Tramitarase a través da Comunidade Autónoma, o in-

forme da cal, se é negativo, será vinculante.

—La Comunidad Autónoma facilitará también información a la oferta turística del resto de España, a **cuyo** efecto... --- A Comunidade Autónoma facilitará tamén información á oferta turística do resto de España; **a este efecto**...

—Fue presentada el acta de constitución de la Asociación (...), **cuyos** ámbitos territorial y profesional son los siguientes --- Presentouse a acta de constitución da Asociación (...), **que/a cal** ten por ámbito territorial e profesional os seguintes...; ou Foi presentada (...) da Asociación (...). Os seus ámbitos territorial e profesional son...

—Considerando que los alumnos del Centro **cuya** clausura se solicita han encontrado adecuada escolarización... --- Considerando que os alumnos do Centro **para o que se solicita** a clausura atoparon unha adecuada escolarización.

En todo caso é facilmente comprobable a doada substitución da expresión castelá con **cuyo** no galego. Por iso, de ningún xeito se deben admitir formas como *cuio ou *cuxo en galego.

CURSOS PARA FUNCIONARIOS

No "Diario Oficial de Galicia" do día 21 de febreiro, publicanse as convocatorias por parte da Consellería de Educación e Cultura dos seguintes cursos de iniciación á Lingua Galega:

*Curso para funcionarios da Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña.

*Curso para funcionarios da Consellería de Educación e Cultura, que se celebrará en Santiago.

*Curso para profesores de Universidade, igualmente en Santiago.

Así mesmo, no "Diario Oficial de Galicia" do día 22 de febreiro, publícase a convocatoria dun curso de iniciación á Lingua Galega para funcionarios da Administración Pública, que se celebrará en Lugo.

O comenzo de todos eles é inminente.

X. G. C.

CONSIDERACIONES SOBRE UNHA SENTENCIA: O COÑECEMENTO DO NOSO IDIOMA PARA O ACCESO Á ADMINISTRACION

Vixente xa a Lei 3/83 de Normalización Lingüística que no seu artigo 11.2 fornece base suficiente para resolver con carácter xeral este asunto ("nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración Autónoma e Local, considerárase, entre outros méritos, o grado de coñecemento das linguas oficiais, que se ponderrá para cada nivel profesional") a Sala do Contencioso-administrativo da Audiencia Territorial acaba de resolver sobre un caso concreto plantexado en 1982.

En síntese, os feitos son os seguintes: o Concello coruñés convoca a oposicións para cubrir cinco prazas de Auxiliares Administrativos e aproba as correspondentes bases rectoras da oposición por acordo do 13 de maio de 1982. As probas concretábanse en catro exercicios, un deles consistente en realizar dúas traducións de textos, do galego ó castelán e viceversa.

Segundo o Real Decreto 186/81, os Concellos teñen que remiti-las actas dos seus acordos ós Gobiernos civís e conforme á Lei 40/81 (artigos 8 e 9) a Administración Central pode recorrer-los acordos municipais por incompetencia ou infraccións do ordenamento xurídico.

O Gobernador Civil por medio do avogado do Estado recorre as bases (e especificamente a previsión das probas de idioma), argumentando a súa impugnación en motivos de incompetencia e discriminación, e en que o establecemento da proba de traducción é contrario á igualdade de dereitos e obrigas de tódolos cidadáns en calquera territorio do Estado (artigo 139 C.E.) dado que a Constitución só recoñece o deber de coñecemento e o dereito de uso do castelán (artigo 3.1 C.E.) "e aínda que o idioma galego é tamén lingua oficial deste país, supón unha restricción dos dereitos individuais esixi-lo seu coñecemento a calquera español que queira opositar a unha praza de auxiliar do Concello da Coruña" (conforme resume o razoamento do recorrente perante o Tribunal na Sentencia).

Frente a esta impugnación, a sentenza fundaméntase do seguinte xeito:

1º) A competencia para o recrutamento dos funcionarios propios corresponde ó Concello, se ben a Administración do Estado aproba as bases e programas "mínimos" para o acceso ós diversos subgrupos de funcionarios (así, non é raro que nos programas das oposicións, por exemplo de Técnicos dun Concello, se inclúan temas sobre as ordenanzas e regulamentos así como sobre o planeamento urbanístico do Concello ou sobre as transferencias de competencias en materia de Administración Local á Comunidade Autónoma).

2º) Non é discriminatorio o establecemento dun exame consistente na realización de dúas traducións entre os dous idiomas oficiais en Galicia:

a) porque son coñecementos accesibles a calquera persoa interesada (sexa ou non galega, as probas de idiomas existen en case tódalas oposicións).

b) porque o seu establecemento responde a unha finalidade legal amparada pola Constitución española (artigo 3, apartados 2 e 3) e o Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 5).

c) porque o coñecemento do galego por parte dos funcionarios correspóndese co dereito a usa-lo galego por parte dos cidadáns, e

d) porque a propia Dirección Xeral de Administración Local na súa Resolución do 16 de xaneiro de 1981, que fixa as bases e exercicios para o ingreso en diversos subgrupos de funcionarios da Administración Local (entre eles dos auxiliares), prevé na súa base 4ª, apartado 2, que, naquelas Comunidades Autónomas que teñan idioma propio oficial, as Corporacións Locais poderán establecer probas específicas para comproba-lo coñecemento dos aspirantes dos idiomas oficiais.

O mesmo Tribunal menciona na sentenza o artigo 11.2 da Lei de Normalización Lingüística, se ben non o aplica por ser de vixencia posterior ó acordo recorrido, e remata desestimando o recurso por se-lo acordo municipal coruñés conforme a dereito.

Paradoxicamente, o Tribunal nos seus considerandos utiliza como argumento o Real Decreto 1.111/79, regulador (moi restrictivamente) do emprego das linguas propias nas actuacións das Corporacións Locais, norma esta que hai que entender derogada dende o mesmo momento en que entrou en vigor o Estatuto de Autonomía de Galicia, de conformidade co exposto no terceiro párrafo do seu limiar ("ata que se faga uso da autorización contida no párrafo 2 do artigo 3 da Constitución).

Verdadeiramente, o máis revelador da sentenza que comentamos non é a resolución adoptada (que consideramos correcta, xusta e froito dunha interpretación racional, progresiva e conforme á plena oficialidade do galego e á realidade social do tempo no que se aplican as normas, como ben di que hai que facer o propio Código Civil no seu artigo 3), senón a postura do Gobernador Civil, para quen parecería que a oficialidade do galego é unha pura proclamación sen valor real, e para quen a Constitución e mailo Estatuto só valen en canto lle interesan. En concreto, o máis grave do caso é a interpretación que se fai dos principios de igualdade e non discriminación, coma se este último non puidera beneficia-lo castelán e a igualdade fora algo puramente mecánico e non requirira tratar desigualmente as situacións desiguais conforme a propia Constitución no seu artigo 9.2 (co que rematamos) proclama: "corresponde ós poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remove-los atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilita-la participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, social e cultural".

X.C.A.

correo do lector

Nesta Sección preténdese recolle-las iniciativas dos lectores, ben a través das súas suxerencias sobre a análise de términos, conceptos ou calquera tema de interés, ben a través das súas propias colaboracións. Para este cometido, poderán dirixirse a: "Lingua e Administración"

Instituto da Lingua Galega. Facultade de Filoloxía. Praza de Mazarelos. Santiago de Compostela